



ORDENANZA 4.29

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º. Concepto

1. O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación básica de servizos sociais de atención primaria.

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quen solicite ou se beneficie da prestación básica de servizos sociais de atención primaria.

Artigo 4º. Contía

1. Con carácter xeral aplicarase a tarifa hora establecida no contrato coa empresa prestadora do servizo, coas revisións anuais que no mesmo se establecen
2. Asemesmo, en función do número de membros da unidade de convivencia e dos ingresos da mesma, estableceranse as seguintes tarifas reducidas:

<i>Nº de membros da unidade de convivencia</i>	<i>Rentas da unidade de convivencia</i>	<i>Tarifa</i>
--	---	---------------

unha persona	ata o 85% do SMI	gratuito
unha persona	do 85% ó 100% do SMI	25% do coste
unha persona	do 100% ó 125% do SMI	50% do coste
unha persona	do 125% ó 150% do SMI	75% do coste
unha persona	maís do 150% do SMI	100% do coste

dúas personas	ata ó 100% do SMI	gratuito
dúas personas	do 100% ó 125% do SMI	25% do coste
dúas personas	do 125% ó 150% do SMI	50% do coste
dúas personas	do 150% ó 175% do SMI	75% do coste
dúas personas	maís do 175% do SMI	100% do coste

tres personas	ata o 150% do SMI	gratuito
tres personas	do 150% ó 175% do SMI	25% do coste
tres personas	do 175% ó 200% do SMI	50% do coste
tres personas	do 200% ó 225% do SMI	75% do coste
tres personas	maís do 225% do SMI	100% do coste

catro personas	ata o 200% do SMI	gratuito
catro personas	do 200% ó 225% do SMI	25% do coste
catro personas	do 225% ó 250% do SMI	50% do coste
catro personas	do 250% ó 275% do SMI	75% do coste
catro personas	maís do 275% do SMI	100% do coste

cinco ou máis personas	ata o 250% do SMI	gratuito
cinco ou máis personas	do 250% ó 275% do SMI	25% do coste
cinco ou máis personas	do 275% ó 300% do SMI	50% do coste
cinco ou máis personas	mais do 300% do SMI	100% do coste

3. As rentas da unidade de convivencia serán as resultantes de restar os ingresos que por calquera concepto perciba a unidade de convivencia , os gastos fixos de alugueiro ou de amortización da vivenda.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.
2. As liquidacións practícaranse mensualmente nos primeiros quince días de cada mes.
3. O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.